



Guía Docente				
Datos Identificativos				2018/19
Asignatura (*)	Desenvolvemento psicolóxico e aprendizaxe escolar		Código	652608004
Titulación				
Descriptoros				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuadrimestre	Primeiro	Obrigatoria	4
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Psicoloxía			
Coordinación	Cuevas Gonzalez, Lino Manuel	Correo electrónico	lino.cuevas@udc.es	
Profesorado	Barca Enríquez, Eduardo	Correo electrónico	e.barcae@udc.es	
	Cuevas Gonzalez, Lino Manuel		lino.cuevas@udc.es	
Web				
Descrición xeral	A materia Desenvolvemento Psicolóxico e Aprendizaxe Escolar pon énfase nos aspectos psicolóxicos do desenvolvemento das persoas e nas variables que influén na aprendizaxe escolar, e, de forma moi especial, nestes aspectos naquelas persoas que presentan necesidades específicas de apoio educativo.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Coñecer as características dos estudantes, os seus contextos sociais e motivacións. Comprender o desenvolvemento da personalidade destes estudantes e as posibles disfuncións que afectan á aprendizaxe. Elaborar propostas baseadas na adquisición de coñecementos, destrezas e aptitudes intelectuais e emocionais. Identificar e planificar a resolución de situacións educativas que afectan a estudantes con diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxes. Participar na definición do proxecto educativo e nas actividades xerais do centro atendendo a criterios de mellora da calidade, atención á diversidade, prevención de problemas de aprendizaxe e convivencia. Relacionar a educación co medio e comprender a función educadora da familia e a comunidade, tanto na adquisición de competencias e aprendizaxe como na educación no respecto dos dereitos e liberdades, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade. Respectar e promover os dereitos humanos, os valores da cultura da paz e dos valores democráticos, e o recoñecemento dos principios e fundamentos da atención á diversidade. Identificar os problemas relativos ao ensino e a aprendizaxe das materias da especialización e expor alternativas e solucións. Adquirir experiencia na planificación, na docencia e na avaliación das materias correspondentes á especialización	AP1		CM1
	AP2		CM4
	AP3		CM7
	AP4		
	AP9		
	AP10		
	AP14		
	AP24		
	AP27		
	AP29		
	AP30		
	AP31		
	AP32		
	AP33		
	AP34		
Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma. Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.			CM1
			CM3
			CM4
			CM6
			CM7

Contidos	
Temas	Subtemas



BLOQUE I: HISTORIA E CONCEPTO	TEMA 1: Historia TEMA 2: Concepto
BLOQUE II: DESENVOLVEMENTO PSICOLÓXICO	TEMA 3: Desenvolvemento psicolóxico de 0 a 2 anos TEMA 4: Desenvolvemento psicolóxico de 2 a 6 anos TEMA 5: Desenvolvemento psicolóxico de 6 a 12 anos TEMA 6: Desenvolvemento psicolóxico na adolescencia
BLOQUE III: APRENDIZAXE ESCOLAR	TEMA 7: Concepcións sobre a ensinanza TEMA 8: Concepcións sobre a aprendizaxe. TEMA 9: Metodoloxías didácticas TEMA 10: Variables cognitivo-motivacionais e socio-emocionais na aprendizaxe. TEMA 11: A avaliación da aprendizaxe. TEMA 12: A comunicación
BLOQUE IV: TRASTORNOS DO DESENVOLVEMENTO E NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS	TEMA 13: Por trastornos do comportamento. TEMA 14: Por trastornos da linguaxe TEMA 15: Por trastornos sensoriais e/ou motrices TEMA 16: Por trastornos intelectuais. TEMA 17: Autismo.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A2 A4 A10 A24 A27 A29 A30 A31 C1 C4 C7	10	0	10
Estudo de casos	A1 A2 A3 A4 A9 A10 A27 A29 A30 A31 C1 C4 C7	10	0	10
Traballos tutelados	A1 A2 A3 A4 A9 A10 A14 A27 A29 A30 A32 A33 A34 C1 C4 C7	4	30	34
Lecturas	A1 A2 A4 A10 A27 A29 A30 C4 C7	0	2	2
Proba obxectiva	A1 A2 A3 A4 A10 A27 A30 C1 C3 C6 C7	2	40	42
Atención personalizada		2	0	2
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución dalgunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. Esta modalidade adóitase reservar a unha lección impartida polo profesor, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información.
Estudo de casos	Presentación e descrición dunha situación específica que presenta un problema que debe ser identificado, recoñecido, comprendido e valorado polo/a alumno/a, a través dun proceso de discusión. O alumno sitúase ante un problema concreto que lle describe unha situación real da vida, e debe ser quen a analizar unha serie de feitos referentes a un campo particular. Os casos tratarán sobre os distintos trastornos que se poden presentar no desenvolvemento e aprendizaxe escolar. Os coñecementos necesarios para levar a cabo axeitadamente os estudos impartíranse previamente.



Traballos tutelados	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor. Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. Este sistema de ensinanza baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguemento desa aprendizaxe polo profesor-tutor. Proporase a realización de traballos de grupo, de carácter obrigatorio, en torno aos temas centrais da materia, e para o inicio da súa elaboración facilitarase un pequeno dossier a partir do cal o alumnado deberá ir aprofundando na materia obxecto de estudo. O resultado dese traballo expónse de maneira interactiva, utilizando a metodoloxía da presentación oral.
Lecturas	Constitúen un conxunto de textos e temas que irán xurdindo a medida que se avanza na exposición e o desenvolvemento da materia, e que o alumnado poderá ler para proceder a unha recensión que lle permita aprofundar nos contidos de interese relacionados (directa ou transversalmente) coa materia.
Proba obxectiva	Proba utilizada para a avaliación da aprendizaxe, cuxo trazo distintivo é a posibilidade de determinar se as respostas dadas son ou non correctas. Constitúe un instrumento de medida que permite avaliar coñecementos, capacidades, destrezas, rendemento, etc. É de aplicación tanto para a avaliación formativa como para a sumativa.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Estudo de casos Lecturas	Estas metodoloxías requiren orientación e seguemento por parte do profesor, tanto nas horas de clase (que se fará nos grupos interactivos) como nas de tutoría, segundo o demanden os alumnos e/ou o considere conveniente o profesor. Todo isto coa finalidade de realizar un seguemento preciso do alumnado e das súas actividades de aprendizaxe.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A1 A2 A3 A4 A9 A10 A14 A27 A29 A30 A32 A33 A34 C1 C4 C7	Requirirán dunha exposición e defensa oral por parte do grupo encargado de cada tema. A valoración desta exposición rexeráse polas directrices do Mestrado para a realización do TFM.	30
Estudo de casos	A1 A2 A3 A4 A9 A10 A27 A29 A30 A31 C1 C4 C7	A realización correcta de cada caso proposto alcanzará unha puntuación á cualificación final. Cada caso correctamente resolto puntuará a porcentaxe correspondente do peso total. En caso contrario, non puntuará.	20
Proba obxectiva	A1 A2 A3 A4 A10 A27 A30 C1 C3 C6 C7	Exame sobre os contidos teóricos expostos nas sesións maxistras e sobre o dossier e outros materiais achegados polo profesor. Constará dun mínimo de 40 e un máximo de 160 preguntas, con 4 alternativas, das cales só 1 (unha) será correcta. Para a súa corrección aplícase a fórmula de corrección do azar, isto é, téñense en conta os erros e as omisións que se produzan.	40
Lecturas	A1 A2 A4 A10 A27 A29 A30 C4 C7	Valorarase o nivel de profundización e a capacidade de reflexión do alumnado sobre cada lectura proposta.	10

Observacións avaliación

Tanto a realización da proba obxectiva como a dos traballos tutelados (e a súa correspondente exposición e defensa) considéranse obrigatorias para superar a asignatura. As cualificacións obtidas nestes apartados sumaranse ás obtidas nos restantes (estudo de casos e lecturas). Considérase aprobada a asignatura a partir de cinco (5). Calquera puntuación inferior supón a cualificación de Suspenso. A non realización dun ou ambos apartados obrigatorios supón a cualificación de Non Presentado.

Fontes de información



Bibliografía básica	Bautista, R. (1993). Necesidades educativas especiales. Archidona: Aljibe. BERGER, K.S. e THOMPSON, R.A. (1997): Psicología del desarrollo: Infancia y adolescencia. Madrid: Editorial Médica Panamericana. BERK, L.E. (1999): Desarrollo del niño y del adolescente. Madrid: Prentice Hall. Blanco, R. y otros (1992). Alumnos con necesidades educativas especiales y adaptaciones curriculares. Madrid: Centro Nacional de Recursos para la educación especial Educación Especial. Cadenas, C. (1994). Enseñar y aprender en una escuela para todos. Madrid: Centro Nacional de Recursos para la Educación Especial Cañadas, L. (1991-1993). Guía para la búsqueda documental: necesidades educativas especiales. Madrid: Centro Nacional de Recursos para la Educación Especial Castanedo, C. (2001). Bases psicopedagógicas de la educación especial. Madrid: CCS CORDOBA, A.I; DESCALS, A. E GIL, M.D. (Coords.) (2006): Psicología del Desarrollo en la Edad Escolar. Madrid: Pirámide CRAIG, G.J. (2001): Desarrollo psicológico. México: Prentice Hall (8ª ed FELMAN, R.S. (2008): Desarrollo en la infancia. México: Prentice Hall (4ª ed García, E. (1988). La integración escolar: aspectos psicosociológicos. Madrid: UNED García Pastor, C. (Coord.) (1992). La investigación sobre la integración: tópicos, aproximaciones y procedimientos. Salamanca: Amarú. Garrido, J. (1990). Programación de actividades para educación especial. Madrid: CEPE. Gisbert Alós et al. (1981). Educación especial. Madrid: Cincel. GONZÁLEZ, E. (Coord.) (2000): Psicología del ciclo vital. Madrid: CCS González, A. y Sabaté, J. (1992). La integración de alumnos con necesidades educativas especiales (Ciclo superior de E.G.B.). Madrid: M.E.C. (Centro Nacional de Recursos de Educación Especial). Hegarty, S. (1988). Aprender juntos: la integración escolar. Madrid: Morata. Lou Royo, M.A. y López Urquizar, N. (1998). Bases psicopedagógicas de la educación especial. Madrid: Pirámide. Marchesi, A., Coll, C. y Palacios, J. (Comps.)(1999, edición revisada). Desarrollo psicológico y educación, III. Madrid: Alianza. MIETZEL, G. (2005): Claves de la psicología evolutiva. Infancia y juventud. Barcelona: Herder. MIRAS, F.; SALVADOR, F. e ÁLVAREZ, J. (2001): Psicología de la educación y del desarrollo en la edad escolar. Granada: Grupo Editorial Universitario MORALEDA, M. (1992): Psicología del desarrollo. Infancia, adolescencia, madurez y senectud. Barcelona: Boixareu Universitaria Moya, A., Barrero, N., Reyes Rebollo, M. e Ipland, J. (2000). Enfoque multidimensional de las Necesidades Educativas Especiales. Huelva: Hergué. PAPALIA, D.E., WENDKOS, S. e DUSKIN, R. (2005): Desarrollo humano. Madrid: McGraw-Hill (9ªed PERINAT, A. (2002): Psicología del desarrollo. Del nacimiento al final de la adolescencia. Barcelona: UOC RICE, F.P (2000): Desarrollo humano. Estudio del ciclo vital. México: Prentice- Hall. Sánchez Palomino, A. y Torres González, J.A. (1997). Educación especial (I y II). Madrid: Pirámide. TRIANES, M.V. e GALLARDO, J.A. (Coords) (2004): Psicología de la educación y del desarrollo en contextos escolares. Madrid: Pirámide. Toledo, M. (1981). La escuela ordinaria ante el niño con necesidades educativas especiales. Madrid: Santillana. Varios (1992). Alumnos con necesidades educativas especiales y adaptaciones curriculares. Propuesta de Documento Individual de Adaptaciones Curriculares (D.I.A.C.). Madrid: M.E.C. (Dirección General de Renovación Pedagógica y Centro Nacional de Recursos para la Educación Especial VV.AA. (1994) La educación especial en el marco de la LOGSE: situación actual y perspectivas de futuro. Madrid: Secretaría de Estado de Educación.
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións



Recoméndase facer os envíos dos traballos por vía telemática, e, se non é posible, non utilizar plásticos, elixir a impresión a dobre cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores. Débese facer un uso sostible dos recursos e prever os impactos negativos sobre o medio natural.

Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sostibilidade nos comportamentos persoais e profesionais.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías